Limpeza de praias 2020	2020/3/17/1	0,6809	Deputación Provincial	DP	22.748,67
Plan de Integración Laboral 2020	2020/3/19/1	0,9982	Deputación Provincial	DP	30.659,93
POS+ AD 1/2020. Gastos correntes COVID	2020/3/23/1	0,9980	Deputación Provincial	DP	41.164,92
POS+ AD 2/2020. Alumado público	2020/3/33/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	154.362,77
Persoal técnico da Casa Museo Manuel Antonio 2020	2020/3/35/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	7.492,67
Persoal técnico da Aula Activa do Mar 2020	2020/3/36/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	7.492,67
Persoal das oficinas de turismo 2020	2020/3/37/1	1,0000	Deputación Provincial	DP	11.859,42
SAF LC e Servizos Sociais Comunitarios	2020/3/4/1	0,8191	Deputación Provincial	DP	106.398,17
Animador deportivo 2020	2020/3/5/1	0,5603	Deputación Provincial	DP	14.689,49
Animadora cultural 2020	2020/3/9/1	0,3906	Deputación Provincial	DP	9.596,16
				Total DP	846.720,09
Actuacións de rehabilitación de vivendas.	2017/2/22/1	0,2222	IGVS	CA	7.839,35
Rehabilitación das vivendas dos mestres, bloque B	2019/2/20/1	0,7216	IGVS	CA	130.718,79
PEIM 2019-20. Pista Cerqueiras a Campelo. Tramo 1.	2019/2/19/1	0,8264	Agader	CA	6.345,52
PEIM 2020-21. Acceso a parcelas agrícolas.	2020/2/2/1	0,8299	Agader	CA	24.314,17
PEIM 2020-21. Control de calidade	2020/2/9/1	0,8264	Agader	CA	419,98
Cultura no Camiño 2020	2020/3/34/1	0,7488	Agadic	CA	4.000,00
PXOM	2010/3/8M/1	0,5707	XG	CA	32.317,60
Xulgado de Paz 2017	2017/3/11/1	0,9850	XG	CA	361,37
Plan Concertado 2019. Traballadoras sociais	2019/3/11/1	0,5260	XG	CA	654,53
AEDL 2018-19	2019/3/12/1	0,3690	XG	CA	272,45
SNL 2020	2019/3/14/1	0,1461	XG	CA	72,84
Orientador laboral 2019-20	2019/3/17/1	0,9792	XG	CA	20.506,73
Xulgado de Paz 2019	2019/3/2/1	0,7340	XG	CA	428,07

Descrición	Proxecto	Cf	Organismo	Entid. Terr.	Importe
Aprol rural 2019	2019/3/20/1	0,9675	XG	CA	10.233,64
Risga 2019	2019/3/22/1	0,9319	XG	CA	4.757,94
SAF Dependencia 2019	2019/3/4/1	0,7538	XG	CA	56.903,87
Obradoiro de emprego "Clínica Vella"	2019/3/40/1	0,7462	XG	CA	212.674,31
FCA 2020. Illa perimetrada de recollida selectiva de residuos	2020/2/1/1	0,8393	XG	CA	7.413,52
Convenio coa XG para protección contra a COVID nas praias	2020/2/12/1	0,4656	XG	CA	1.194,36
Novidades editoriais en galego 2020	2020/2/7/1	1,0000	XG	CA	2.937,27
Mellora das coleccións bibliográficas 2020	2020/2/8/1	1,0000	XG	CA	4.412,26
AEDL 2019-20	2020/3/10/1	0,3201	XG	CA	13.407,10
SNL 2020	2020/3/12/1	0,1037	XG	CA	2.520,21
Orientador laboral 2020-21	2020/3/13/1	0,8573	XG	CA	3.359,39
Plan Concertado 2020. Traballadoras sociais	2020/3/14/1	0,5093	XG	CA	32.978,37
Socorristas 2020	2020/3/18/1	1,0000	XG	CA	4.562,93
Xulgado de Paz 2020	2020/3/2/1	0,9950	XG	CA	1.938,71
Convenio coa XG para protección contra a COVID nas praias	2020/3/24/1	1,0000	XG	CA	1.161,01
Actuacións de defensa e vixilancia de incendios forestais 2020	2020/3/25/1	0,4059	XG	CA	15.934,51
Actuacións de prevención contra os incendios forestais 2020	2020/3/26/1	1,0000	XG	CA	10.372,74
SAF COVID-19	2020/3/28/1	0,9721	XG	CA	23.027,16
Fomento de conciliación da vida persoal. Campamento de verán	2020/3/29/1	0,5017	XG	CA	9.000,00
SAF Dependencia 2020	2020/3/3/1	0,7922	XG	CA	315.359,62
Ler conta moito 2020	2020/3/30/1	0,6035	XG	CA	859,08
Obradoiro de emprego xuvenil "Carnero Valenzuela II"	2020/3/38/1	0,9970	XG	CA	86.858,09
Xeito en Rianxo. Recuperación, reparación e reutilización de residuos domésticos	2020/3/40/1	1,0000	XG	CA	499,73
AEDL 2020-21	2020/3/44/1	0,3228	XG	CA	112,59
Risga 2020	2020/3/6/1	0,9764	XG	CA	13.848,52
Aprol rural 2020	2020/3/7/1	0,8356	XG	CA	15.835,01
				Total CA	1.080.413,34
				Total	1.962.169,75

3. Variacións no nivel do gasto computable como consecuencia de variacións permanentes de recadación

Descrición	Liquidación exercicio 2020	Liquidación exercicio 2019	Variación	Variación (%)
(+/-) Incrementos/diminucións de recadación por cambios normativos	-56.560,99	-31.532,04	25.028,95	-44,25 %
Ibi urbana. Efectos da Ponencia de valores aprobada en 2012			0,00	0,00 %

Ibi urbana. Efecto da redución do tipo de gravame		-19.243,58	19.243,58	-100,00 %
Ibi rústica. Efecto da redución do tipo de gravame		-12.288,46	12.288,46	-100,00 %
Redución das tarifas da taxa pola recollida de RSU	-45.153,09	0,00	-45.153,09	0,00 %
Suspensión da taxa OVP mercado ambulante	-11.407,90	0,00	-11.407,90	0,00 %

4. Resultado

O resultado e que, de manterse vixente a regra de gasto, cumprírase o obxectivo para o 2020: o gasto computable (6.053.727,65 €) foi inferior ao de 2019 (8.288.615,92 €).

Descrición	Liquidación exercicio 2020	Liquidación exercicio 2019	Variación	Variación (%)
Gasto computable do exercicio anterior	10.730.311,92	7.108.529,82	3.621.782,10	50,95 %
Taxa de referencia de crecemento PIB	2,90 %	2,70 %	0,20 %	7,41 %
Gasto computable incrementado pola taxa de referencia	11.041.490,97	7.300.460,13	3.741.030,84	51,24 %
Aumentos/diminucións de recadación	-56.560,99	-31.532,04	-25.028,95	79,38 %
Gasto computable máximo	10.984.929,98	7.268.928,09	3.716.001,89	51,12 %
Gasto computable do exercicio	6.053.727,65	8.288.615,92	-2.234.888,27	-26,96 %
Déficit (-)/Superávit (+) da regra de gasto	4.931.202,33	-1.019.687,83	5.950.890,16	-583,60 %

3.2.10 Nivel de endebedamento financeiro (CV)

3.2.10.1 Cuantificación do nivel de endebedamento

O artigo 53.2 TRLFL establece que o nivel máximo de endebedamento ata o que non se precisa autorización para concertar unha operación de crédito é o 110 por 100, calculado do seguinte xeito:

$$\frac{CV}{DRN_{\text{correntes}}} \times 100$$

CV: Capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e longo prazo, incluíndo o importe da operación proxectada

DRN correntes: ingresos correntes liquidados (dereitos recoñecidos netos) no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, no precedente a este último cando o cómputo deba realizarse no primeiro semestre do ano e non se teña liquidado o orzamento correspondente.

De igual modo que no caso do aforro neto, hai que considerar a redacción que a disposición final 31ª LOXE 2013 dálle á disposición adicional 14ª do Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro en relación ao cálculo dos ingresos correntes, xa visto, e en relación ao capital vivo:

“Aos efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes a 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido dos avais, incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e o importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as entidades locais derivados das liquidacións definitivas da participación nos tributos do Estado”.

Da aplicación desta normativa resulta un endebedamento a 31/12/2020 do 35,43 por cento dos ingresos correntes axustados, tendo unicamente as operacións vivas e non as proxectadas para 2021.

CV a 31/12/2020	2.968.168,32
Ingresos correntes axustados	8.377.865,53
CV/Ingresos correntes axustados (%)	35,43 %

Entidade	Préstamo	Capital vivo
Deputación Provincial	PAI 2015	204.423,20
Deputación Provincial	PAI 2016	222.852,95
Deputación Provincial	POS 2017	223.040,21
Deputación Provincial	POS 2018	242.790,30
Deputación Provincial	POS 2019	187.078,56
Deputación Provincial	POS 2020	205.817,02
Banco de Sabadell	807645534588	1.482.487,04
Banco de Sabadell		199.679,04
Total (débeda total a 31/12/2020)		2.968.168,32
Deputación Provincial (proxectada para 2021)	POS 2021	56.574,89
Total (incluíndo a debida proxectada en 2021)		3.024.743,21

Coa operación proxectada para 2021 (préstamo provincial do POS+ 2021), o nivel de endebedamento ascendería a 36,10 pro cento.

CV a 31/12/2020 + proxectada	3.024.743,21
Ingresos correntes axustados	8.377.865,53
CV/Ingresos correntes axustados (%)	36,10 %

O nivel da débeda financeira reduciuse con respecto do exercicio anterior pola melloría dos ingresos correntes axustados, que compensou o incremento de endebedamento:

Descrición	2020	2019	Variación	Variación (%)
CV a 31/12	2.968.168,32	2.879.864,26	88.304,06	3,07 %
Ingresos correntes axustados	8.377.865,50	7.794.152,71	583.712,79	7,49 %
CV/Ingresos correntes axustados (%)	35,43 %	36,95 %	-1,52 %	

No caso do nivel de débeda, tamén se aplica a suspensión das regras fiscais.

3.2.10.2 Réxime de endebedamento para 2021






Como en anos anteriores, foi publicada a Nota Informativa sobre o réxime legal aplicable ás operacións de

endebedamento a longo prazo que poden concertar as Entidades Locais no exercicio 2021, a través da cal, o Ministerio de Facenda analiza as distintas formas de endebedamento que dispoñen as entidades locais para este exercicio.

Tendo en conta a confluencia de normativa que opera no réxime aplicable ás corporacións locais para a formalización das operacións de endebedamento a longo prazo, o Ministerio elabora cada certo tempo este tipo de notas aclaratorias.

Así, a través deste artigo, expónse as principais características da regulación do endebedamento a longo prazo.

1. Endebedamento para o financiamento de investimentos

NORMA	SITUACIÓN	CONSECUENCIA	APLICABLE
Artigo 10.4 RDL 4/2012	Remanente de tesourería para gastos, xerais negativo (durante a vixencia do préstamo derivado do MPP 2012-22)	Prohibición	
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto negativo	Prohibición	
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento igual ou inferior ao 75%	Non existe prohibición para concertar operacións de crédito a longo prazo	
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Aforro neto positivo Nivel de endebedamento superior ao 75% e igual ou inferior ao 110%	Posibilidade de acudir a endebedamento previa autorización do órgano que ten a tutela financeira (Xunta de Galicia)	
RDL 8/2010, modificado pola DA 14ª do RD-lei 20/2011 e DF 31ª LOXE 2013	Nivel de endebedamento superior ao 110%	Prohibición	

2. Operacións de refinanciamento de operacións de crédito a longo prazo

En ausencia dunha regulación ao respecto na LOXE, debe aplicarse o réxime previsto no artigo 49.2.d) TRLFL para a “substitución total ou parcial de operacións (de endebedamento) preexistentes”. Ao mesmo tempo, deberán terse en conta as prescricións da Resolución do 04/07/2017 da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira sobre a prudencia financeira das EE.LL. Así, o seu artigo 7 establece que:

“Calquera entidade financeira distinta á acreedora orixinal poderá formalizar unha operación baixo estes criterios co fin de que (...) Entidade Local (...) amorticen anticipadamente a operación previa”.

Dos criterios expostos anteriormente nese artigo 7 derívase que esta novación, reestruturación ou refinanciamento poderá realizarse co límite do custo financeiro máximo que, só poderá superarse nos supostos enumerados nese precepto.

A nota informativa define estas operacións como aquelas operacións financeiras nas que se modifica un contrato financeiro mantendo todos os elementos obxectivos do contrato (importe vivo, forma de amortización e frecuencia de liquidación de intereses, períodos de carencia de principal, etc...), salvo o tipo

de interese, co obxectivo exclusivo de conseguir una rebaixa no custo aplicable á operación.

Ademais estará permitido:

1. O cambio subxectivo de acredor financeiro.
2. A substitución individual.
3. A substitución colectiva, concertándose unha soa operación financeiramente equivalente e fixándose un vencemento medio ponderado equivalente ás operacións que substitúe.

Tendo en conta as magnitudes do aforro neto e capital vivo, é posible acudir a endebedamento para substituír parcialmente endebedamento financeiro, como é o caso dos préstamos provinciais incluídos nos POS anuais. Non obstante, indícase que, no caso dos préstamos provinciais, non se está a manter a equivalencia na forma de amortización nin no prazo do endebedamento. Non obstante, trátase dunha operación que non ten custo financeiro, xa que se contrae sen xuros, e considérase vantaxosa para o concello.

3.2.11 Período medio de pago (PMP)

3.2.11.1 Cumprimento do período medio de pagamento

O artigo 4.2 LOEOSF establece que “enténdese que existe sostibilidade da débeda comercial, cando o período medio de pagamento a provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa de morosidade”. A disposición adicional quinta da LOEOSF establece que o PMP será de 30 días.

Os datos do PMP calculados no exercicio 2020 foron os seguintes:

Periodo	Ratio operacións pendentes de pago	Importe de operacións pendentes de pago	Ratio de operacións pagadas	Importe de operacións pagadas	PMP
1T	71,97	1.443.324,73	39,97	789.850,18	60,65
2T	181,48	824.825,62	49,14	1.108.729,61	105,59
3T	265,29	403.456,28	100,66	1.230.409,02	141,31
4T	22,35	1.038.172,40	91,77	1.227.667,41	59,96

Os ditos valores superan o límite de 30 días previsto na LOEOSF, polo que acréditase o seu incumprimento.

Non obstante, considero necesario realizar as seguintes consideracións en relación ao cálculo desta magnitude:

O RD 635/2014, do 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, supuxo unha modificación nos criterios de cálculo do PMP, de modo que o seu artigo 5 establece as seguintes definicións, aos efectos do dito cálculo:

- *Días de pago: son os días naturais transcorridos desde (no caso de facturas) a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou os servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.*

- *Días pendentes de pago: son os días naturais transcorridos desde (no caso de facturas) a data da aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.*

Este criterio é aplicable cando está implementado un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados. É o caso da Administración Pública e, polo tanto do Concello de Rianxo, no que o responsable do contrato conforma a factura mediante a súa sinatura na factura. Actualmente, a aplicación de contabilidade non toma como dies a quo para o cómputo a data da conformidade, senón a data da contabilización da factura: o de recoñecemento da obriga ou o 31 de decembro para as facturas que, a esta data, pasan a incluírse na conta (413). Polo tanto, na miña opinión, o cálculo do PMP non está a seguir a metodoloxía prevista no RD 635/2014. A elaboración do PMP compételle á Tesourería Municipal, de acordo co artigo 5.1.e) RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que corresponderíalle acometer as actuacións coa Deputación Provincial (subministradora da aplicación de contabilidade) para modificar a configuración do programa e, así, adaptar o cálculo do PMP á normativa vixente.

A consecuencia dos criterios de cálculo actuais son, a priori e a falta dunha comprobación exacta cos datos, unha infravaloración do PMP. O elevado volume de débeda comercial do exercicio anterior, reflectido na conta 413 pon de manifesto que a data de conformidade é anterior á contabilización da factura, polo que o dies a quo é previo á data considerada na actualidade.

3.2.11.2 Consecuencias do incumprimento

O artigo 13.6 LOEOSF establece a consecuencia deste incumprimento:

(...) Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á dita publicación, como parte do dito plan o seguinte:

- a) O importe dos recursos que vai adicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade*
- b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros ou pagamentos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pagamento a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade”.*

De acordo co artigo 18.5 LOEOSF é o órgano interventor das Corporacións Locais a que debe realizar o seguimento do cumprimento do período medio de pagamento, o que se está a realizar a través deste informe.

Non obstante, debe indicarse que o motivo fundamental do incumprimento do PMP é a insuficiencia orzamentaria para atender os gastos comprometidos, moitos deles sen a cobertura necesaria, o que motiva o atraso na aprobación e aplicación orzamentaria das facturas. Dado que o acto administrativo da aprobación da factura é un requisito previo e necesario para o seu pagamento e, para elo, precísase

habilitar o crédito orzamentario necesario, o pagamento atrasase polo mero feito do atraso do acto administrativo do recoñecemento das obrigas. Neste informe xa se puxo de manifesto que o remanente de tesourería é o recurso utilizado para financiar modificacións de crédito que permitan aprobar por recoñecemento extraxudicial todo gasto incluído na conta (413) que, fundamentalmente, débeda comercial.

Polo tanto, a melloría desta ratio pasa por intensificar a disciplina orzamentaria e, quizais, introducir no proceso de elaboración dos orzamentos anuais elementos para estimar suficientemente os gastos ineludibles dos servizos públicos, especialmente, dos de carácter obrigatorio, para obter orzamentos realistas.

A este respecto, indícase que en 2020 modificáronse as BEO, introducindo as bases 14 bis e 14 ter, no que se establece unha regulación que obriga á tramitación de propostas de gasto nos contratos menores e esixe, no caso de incumprimento, a necesidade de que a persoa responsable da contratación xustifique a necesidade do gasto e a súa realización prescindindo da proposta de gasto autorizada.

3.3 Diagnose da situación económica do Concello de Rianxo

Tras o análise realizado neste informe extráense as seguintes conclusións:

- Melloraron todas as magnitudes relevantes que se extraen da liquidación do orzamento.*
- Parou a tendencia de incremento de gastos correntes por riba dos ingresos correntes (saldo de operacións correntes), o que contribuíu á melloría das diferentes magnitudes (resultado orzamentario, remanente de tesourería para gastos xerais, aforro neto, nivel de endebedamento e capacidade de financiamento).*
- Aínda que mellorou o dato de débeda comercial incluída na conta (413) segue a ser un montante moi elevado que debe solucionarse con disciplina orzamentaria e orzamentos axustados ás necesidades reais dos servizos públicos, dentro da capacidade económica municipal.*
- O elevado importe de débeda comercial segue comprometendo recursos orzamentarios dispoñibles para o exercicio corrente, como os créditos iniciais do orzamento vixente ou o Rtgx. No caso de 2021, está pendente de aprobación o POS+ 2021, que inclúe unha contía de 209.156,90 € para pago a provedores, pendentes de aplicación orzamentaria na conta (413). O importe restante, deberá afrontarse co Rtgx, que o consumirá nunha proporción do 76,57 por cento.*
- Debe terse moi en conta o global dos préstamos provinciais, xa que aínda están en carencia. Nos últimos anos vense prorrogando o inicio do período de amortización. O primeiro ano no que se iniciará a dita devolución é o 2022. A partir deste ano (salvo nova prórroga), pode producirse un impacto significativo no orzamento coa detracción de recursos correntes para financiar as amortizacións. O total da carga financeira dos préstamos provinciais ascende a 134.257,72 €, incluíndo a operación prevista do POS+ 2021.*

Considero necesario indicar novamente cales son as responsabilidades de realizar gastos sen consignación orzamentaria:

Responsabilidades de realizar gastos sen consignación orzamentaria

A gravidade deste incumprimento maniféstase no tipo de responsabilidades e na tipificación de infraccións e sancións na normativa vixente. No artigo 28 da Lei 19/2013 establécense como moi graves as seguintes infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria:

- *Os compromisos de gastos, recoñecemento de obrigas e ordenación de pagos **sen crédito suficiente** para realizalos ou con infracción do disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou na dos orzamentos ou outra normativa orzamentaria que sexa aplicable.*
- *A omisión do trámite de intervención previa dos gastos, obrigas ou pagos, cando esta resulte preceptiva ou do procedemento de resolución de discrepancias fronte aos reparos suspensivos da Intervención, regulado na normativa orzamentaria.*

As sancións correspondentes ás infraccións tipificadas moi graves están reguladas no artigo 30 da Lei 19/2013 e son as seguintes:

- *En todo caso, as sancións previstas para as infraccións graves:*
 - *A declaración polo infractor do incumprimento e a súa publicación no BOE ou no diario oficial que corresponda.*
 - *A non percepción, no caso de que a leve aparelada, da correspondente indemnización para o caso do cese no cargo.*
- *A destitución do cargo que ocupe o/a infractor/a, salvo que xa cesara, e a prohibición de ser nomeado/a para ocupar ningún posto de alto cargo ou asimilado durante un período de entre 5 e 10 anos.*

4 CONCLUSIÓNS

4.1 Sobre o procedemento

De acordo co artigo 191 TRLFL, a liquidación aprobarase pola Alcaldía, previo informe da Intervención. Tras a emisión deste informe, o alcalde deberá aprobar a liquidación do orzamento.

Dado que as regras fiscais están suspendidas, non se fai referencia ás consecuencias dos datos obtidos. Non obstante, no 2020 cumpríranse os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública.

Non se cumpre o PMP, obxectivo non suspendido, polo que procede a actualización do plan de tesourería, de acordo co artigo 13.6 LOEOSF.

4.2 Medidas propostas

Como medidas e actuacións a adoptar, algunhas xa implementadas:

- *Evitar acudir a subvencións que esixan achegas municipais relevantes.*
- *Priorizar a redución de endebedamento mediante amortizacións extraordinarias, ante a previsión dun incremento substancial da carga financeira no orzamento, cando se inicie o prazo de amortización dos préstamos, actualmente en carencia todos eles.*
- *Priorizar a utilización do remanente de tesourería no financiamento de gastos que, xa no exercicio corrente, non dispoñen do crédito orzamentario necesario, para evitar o engrosamento da conta (413) a 31/12/2021.*
- *Utilizar os préstamos provinciais das convocatorias anuais do POS (sen xuros), exclusivamente á amortización extraordinaria de préstamos con entidades bancarias, para eliminar o seu custo financeiro.*
- *Destinar parte das subvencións anuais do POS a gasto corrente.*
- *No exercicio 2021 os gastos pendentes de aplicar a 31/12/2020 poderán financiarse co Rtgx, o que constitúe unha oportunidade para que o orzamento do exercicio corrente non resulte afectado. Isto, coa disciplina orzamentaria necesaria, é o camiño para sanear a situación financeira municipal e volver a unha situación de equilibrio orzamentario.*
- *Continuar coas medidas establecidas para a execución do gasto baixo o principio de disciplina orzamentaria. Considero que deberá establecerse a necesidade de que esta Intervención avalíe anualmente o cumprimento da BEO 14ª bis, extraendo as conclusións que se deriven dos datos obtidos e, dando, posteriormente conta ao Pleno do dito informe.*

Este é o meu informe sen prexuízo doutra opinión superior en dereito ou no aspecto económico-orzamentario.

Rianxo, venres 11 de xuño de 2021

A interventora, Patricia Fernández Pérez

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

10 MOCIÓN grupo municipal PP: INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A BAJAR EL PRECIO DE LA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPUESTOS Y COSTES REGULATORIOS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A BAJAR EL PRECIO DE LA LUZ ACTUANDO SOBRE DETERMINADOS IMPUESTOS Y COSTES REGULATORIOS. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da

alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España es el cuarto país de la Unión Europea en el que sus residentes pagan más por electricidad, al contar con una factura promedio anual de 1.273 €, representando el 8,5% del salario anual (15.015 €).

A este dato hay que añadir otros dos especialmente relevantes. Primero, según datos de Eurostat, al cierre de 2019 el precio del kilovatio hora en España era el quinto más alto de la Unión Europea y, segundo, entre mayo de 2020 y mayo de 2021 la factura de la luz se ha incrementado en un 44%.

Ante estos datos, hay que recordar que en España menos de un 40% de la factura de la luz depende del precio de la electricidad y del mercado.

El resto, se debe a los costes regulatorios derivados de la gestión política (por ejemplo, subvenciones a las renovables o al carbón o el déficit de tarifa, entre otras) y a los impuestos (ej.: el impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica, entre otros).

Si hablamos de costes derivados de la gestión política se debe destacar que el expresidente José Luis Rodríguez Zapatero reconocía en 2019 que sus dos legislaturas habían generado una burbuja de 29.281 millones € por el boom de las renovables.

Y si hablamos de impuestos nuestro país se sitúa entre los 10 primeros países de la Unión que mayor IVA (21%) aplica a este producto.

Por tanto, uno de las vías más inmediatas para reducir la factura de la luz es la rebaja de los impuestos que gravan la electricidad pero el gobierno de España ha optado por implantar una tarifa con tres tramos horarios restringiendo la libertad de elección de los consumidores y obligándoles a cambiar sus hábitos de vida, que no todos los españoles podrán hacerlo, si quieren tener alguna posibilidad de ahorrar en su factura de la luz.

Porque aunque el gobierno afirme que estas nuevas tarifas permitirán que se produzca una bajada general de la factura de la luz, la realidad es muy diferente ya que con esta medida 11 millones de españoles verán incrementada su factura.

Por otro lado, el Gobierno de España para Justificar su negativa actuar y rebajar el precio de la luz a millones de hogares españoles vía rebaja de impuestos afirma que, gracias a su acción política, el recibo de la luz bajo en un 40% el año pasado cuando esa rebaja se debió a la caída de la demanda por la pandemia y a la bajada de los precios del gas y del petróleo en 2020.

Y se vuelve a vuelve a escudar en Europa para rechazar bajar el IVA aplicado a la electricidad

cuando la realidad es que varios países europeos tienen tipos más bajos que España en las tarifas que afectan a los consumidores y que ni existe una normativa europea que impida bajarlo.

Por lo expuesto, y ante las recomendaciones y medidas aprobadas en el seno de la FEMP, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Rianxo, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

Instar al Gobierno de España a tomar las siguientes medidas para impedir que el aumento espectacular del precio de la energía eléctrica lastre la economía personal y familiar de los españoles ya especialmente dañada por los efectos de la pandemia:

- 1.- rebajar el tipo de gravamen del impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7% al 0%, modificando para ello el Artíc. 8 de la Ley 15/2012 de medidas fiscales para la sostenibilidad energética.
- 2.- modificar la Ley 24/2013 del Sector Eléctrico para, entre otros aspectos, que determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica (deuda del sistema eléctrico y costes extrapeninsulares) como la deuda del sistema eléctrico sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.
- 3.- Simplificar el recibo de la luz para facilitar su comprensión.
- 4.- Poner en marcha de inmediato una campaña de información dirigida a los consumidores que explique de forma sencilla y comprensible la nueva tarifa de la luz.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PP e 2 dos membros de Rianxo en Común), 3 votos en contra (dos membros do grupo PSOE) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

11 MOCIÓN grupo municipal BNG: SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a SOBRE A NOVA TARIFA ELÉCTRICA. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por

unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de Marzo do 2021 o Consello de Ministros, a proposta do MITECO, aprobou o Real Decreto polo que establece a metodoloxía que, xunto coas peaxes do sistema fixadas pola "Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia" (CNMC) na circular 3/2020 conforman a parte regulada da factura eléctrica de cada consumidor ou consumidora.

Esta reforma, xa prevista para o ano 2020 e demorada pola pandemia, entrou en vigor o pasado 1 de xuño. Dende o BNG consideramos que esta norma xera un impacto negativo nos consumidores e consumidoras, danos colaterais importantes que deberán levar á reconsideración desta norma, sobre todo tendo en conta que afecta a importantes sectores da poboación que xa están sufrindo as graves consecuencias derivadas do forte impacto económico das restricións impostas pola loita contra a COVID-19.

Este é o caso do consumo doméstico e nomeadamente daquelas persoas consumidoras adheridas xa con anterioridade ao sistema de discriminación horaria. Na Galiza hai máis de medio millón de fogares adheridos a esta modalidade que verán como a súa factura experimenta un aumento que pode chegar a superar o 30%.

Así mesmo, debe destacarse o impacto que ten en determinadas actividades económicas cunha forte implantación na Galiza como son as pequenas explotacións gandeiras, xa que os horarios do período punta da tarifa coinciden con tarefas de alto consumo enerxético. Se observamos o perfil típico dunha explotación gandeira, veremos que o 40% do consumo concéntrase entre as 8h e as 13h pola mañá e as 18 e 23h pola tarde, xusto o período punta, polo que o incremento medio na factura será de máis do 40%. No país existen máis de dez mil explotacións afectadas por este cambio e sen alternativa posíbel.

De igual forma, outros consumidores cun perfil de consumo semellante ao descrito, como é o da hostalería, xa duramente golpeado pola pandemia, e o resto de PEMES, sufrirán igualmente as consecuencias, pois as súa actividades desenvólvense necesariamente durante as horas de maior custo da enerxía. Todo isto nunha Galiza que exporta electricidade.

Para rematar, queremos facer fincapé en que non resulta lóxico acometer un cambio normativo deste calibre sen ter en conta outros aspectos da composición da factura cuxo peso é relevante e cuxa necesaria revisión demándase tamén dende amplos sectores da sociedade, como son o importe do imposto especial da electricidade e o tipo de IVE que debe aplicarse, sendo a electricidade un ben de primeira necesidade e non un luxo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Trasladar ao Goberno central o rexeitamento por parte do Concello de da súa política enerxética por contribuír ao incremento da factura eléctrica dunha parte importante das e dos consumidores domésticos e de sectores vulnerábeis, singularmente os cambios aplicados a partir do 1 de xuño de 2021.

2- Instar ao Goberno do Estado a abrir un novo proceso para unha regulación da tarifa eléctrica baixo as seguintes premisas:

- a) Reducir os impostos que gravan o consumo de enerxía eléctrica, singularmente a eliminación do imposto especial da electricidade e a redución do tipo aplicado no imposto de valor engadido até o 40%.
- b) Beneficiar aos territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.
- c) Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PP e 2 dos membros de Rianxo en Común), 3 votos en contra (dos membros do grupo PSOE) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

12 MOCIÓN grupo municipal BNG: SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a **SOBRE AS PEAXES DAS AUTOVÍAS GALEGAS**. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53. Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1- Amosar a rotunda oposición do Concello de Rianxo á intención do goberno central de establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias, porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.
- 2- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Ministerio de Fomento.

Ausentase durante o debate a concelleira do grupo municipal BNG Raquel Garcia Abuín

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

Incorporase a sesión plenaria a concelleira do grupo municipal BNG Raquel Garcia Abuín

13 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN: PECHE DA ESCOLA UNITARIA DE QUINTÁNS

Antes de dar conta da proposta o voceiro do grupo municipal Rianxo en Común, explica brevemente a moción, e en cumprimento do preceptuado no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, O voceiro do grupo municipal Rianxo en común, propón a retirada da moción que está na orden do día, argumentando a que xa está solucionado o problema da Escola Unitaria de Quintáns.

Os membros da corporación presentes están de acordo coa proposta da retirada da moción.

14 ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=OCqJVkEh30M>